

MEMORIA

PROXECTO:

Asistencia técnica para a elaboración dun censo e unha planificación de investimentos, relacionados cos servizos e infraestruturas do territorio da Mancomunidade, para o turismo de surf.

REALIZADO POR:

GOODLIFE Turismo & Deporte consultores

CLIENTE:

Mancomunidade de Concellos da comarca de Ferrol

DATA:

30 de novembro de 2016

Este proxecto está realizado pola empresa ***GOODLIFE Turismo & Deporte consultores***, para a ***Mancomunidade de Concellos da comarca de Ferrol***.

A súa execución enmárcase nunha subvención concedida pola **Deputación da Coruña**.

INDICE

1.	INTRODUCCIÓN.....	3
2.	ACTUACIÓN.....	4
2.1	CENSO DE SERVICIOS	4
a.	Servizos específicos de ensino	4
b.	Outros servizos específicos	5
c.	Servizos complementarios (surf friendly)	6
2.2	CENSO DE INFRAESTRUTURAS	8
2.3	PROPOSTA DE PLANIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS	9
a.	Melloras comúns a todas as praias.....	9
b.	Melloras específicas de cada praia	11
c.	Convocatorias de axudas	12
d.	Proposta de planificación de investimentos	15
3.	CONCLUSIONES.....	18

1. INTRODUCCIÓN

Coa execución deste proxecto levouse a cabo unha asistencia técnica para a realización dun estudo consistente nun censo completo, actualizado e detallado dos servizos vinculados ao turismo de surf, así como das infraestruturas dispoñibles para este tipo de turismo.

Inclúese tamén unha planificación dos investimentos a realizar para dotar ao territorio da Mancomunidade dos servizos necesarios para mellorar a experiencia no destino dos turistas do segmento de surf.

A información xerada estará elaborada para facilitar a súa carga na web institucional da Mancomunidade así como na web turística do destino: turismoferrolterra.es

2. ACTUACIÓNS

Neste proxecto desenvóléronse diferentes accións recollidas no estudo Diagnóstico e proposta de desenvolvemento dun produto turístico sustentable de surf no destino Ferrolterra - Rías Altas, feito no ano 2015.

A continuación reflíctense as accións executadas neste ano 2016, ordenadas en cada un dos tres conceptos do proxecto requiridos pola Mancomunidade. Estes son:

- Censo de servizos
- Censo de infraestruturas
- Proposta de planificación de investimentos

2.1 CENSO DE SERVICIOS

Con este traballo defínense cales son os servizos axeitados para o uso do turista do segmento de surf, facéndose un traballo de campo nas praias do destino para coñecer a súa implantación.

Proponse esta clasificación de servizos empregados polo turista de surf: servizos específicos de ensino, outros servizos específicos e finalmente os servizos complementarios.

De seguido se explican.

a. Servizos específicos de ensino

Son aqueles que ofrecen un servizo directamente relacionado co ensino do surf. Aquí inclúense as escolas de surf e tamén os surfcamps, que complementan a actividade de ensino coa oferta de aloxamento en instalacións que poden ser propias ou mediante acordo cun terceiro.

Estes servizo están dados de alta mediante dúas figuras xurídicas principalmente, algunhas entidades son Clubs deportivos (é un dos tipos de entidades deportivas sen

ánimo de lucro que recolle a Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia), e outras son empresas ou traballadores autónomos.

Neste destino identificáronse as seguintes entidades que na actualidade exercen o ensino do surf ou dalgunha das súas modalidades.

TIPO	NOME	DIRECCIÓN		TLFNO	WEB
Escola de surf	SPOT SURF SCHOOL	Tasouteiro 106 Doniños	FERROL	615304583	spotsurfschool.com
Escola de surf	MONOS DE MAR	R/ Padre Feijoo, bloque 25, portal 4, 1ºd	FERROL	699735887	http://monosdemar.weebly.com/
Escola de surf	PUNKO	Camping as cabazas s/n cobas	FERROL	671557832	https://punkodeslizamiento.blogspot.com.es/
Escola de surf	ALAWA SURFSCHOOL SC	Lugar de O Ariño, 24, Pantín	VALDOVIÑO	646790554	www.alawasurfcamp.com
Escola de surf	VALDO SURF SCHOOL	Avd de Ferrol	VALDOVIÑO	676432629	www.valdosurfschool.com
Surf camp	PANTÍN SURF CAMP	Pantín ariño 3 15553	VALDOVIÑO	667215445	www.pantinsurfcamp.com
Surf camp	CAMPEIRAS	Avda atios 51	VALDOVIÑO	638701367	www.campeirassurf.com

b. Outros servizos específicos

Son outros servizos relacionados co surf. Entre eles están as entidades organizadoras de competicións deportivas, as entidades deportivas cuxa actividade principal é a realización de adestramentos co obxectivo de participar en competición deportivas oficiais, os establecementos de aloxamento cuxo público obxectivo son os surfistas (Surf houses), e tamén os establecementos de venda de material técnico (polo menos táboas e traxes de neopreno). Estas entidades tamén están constituídas baixo diferentes figuras mercantís e deportivas.

Son cinco as entidades (empresas ou clubs deportivos) que ofrecen outros servizos relacionados co surf.

TIPO	NOME	DIRECCIÓN		TLFNO	WEB
Outros servizos	LA MADRIGUERA	Ctra de Cabois Nº 22 Bajo I	FERROL	696858058	facebook.com/lamadriguera.cultura.urbana/
Outros servizos	CLUB PRAIA DE PANTÍN	Ctra. Malata S/N - 2ª - FIMO	FERROL	981354004	www.pantinclassic.org
Outros servizos	TOMA GOMA SURFBOARDS	Travesía carreira 5 a	VALDOVIÑO	625941508	facebook.com/toma.gomasurf
Surf house	SURFHOUSE CEDEIRA	Av. ZumalacarreGUI 72	CEDEIRA	981482259	www.surfhousecedeira.com
Surf house	SURFANDBREAKFAST.COM	Av. Ferrol s/n	VALDOVIÑO	669643392	www.surfandbreakfast.com

c. Servizos complementarios (surf friendly)

Forman parte deste sector aquelas entidades que prestan aqueles servizos que, sendo empregados con regularidade polos practicantes de surf, non son específicos do sector. No caso deste destino son principalmente servizos de aloxamento e de restauración.

TIPO	NOME	DIRECCIÓN		TLFNO	WEB
Aloxamento	CASA LOURÁN	As Restrebas, 2 Val de Xestoso	MONFERO	636198847	www.casalouran.com
Aloxamento	CASA DO MORCEGO	Porto do Cabo s/n	VALDOVIÑO	646468573 665214723	www.casadomorcego.com
Aloxamento	HOTEL HERBEIRA	Lgar de cordobelas sn	CEDEIRA	679382989 981492167	www.hotelherbeira.com
Aloxamento	CASA RURAL MUIÑO DAS CAÑOTAS	C/ A Ortigueira nº 10	CARIÑO	698138588	www.muinodascanotas.es
Aloxamento	HOSTAL VAL DE SERANTES	Serantellos, 280	FERROL	608581424	www.valdeserantes.com
Aloxamento	CASA AMANDO	Iglesia 35 as somozas	AS SOMOZAS	639020566	reservas@casaamando.com

Aloxamento	CASA CABANEIRO	Viladoniga nº 3	CERDIDO	600581993	www.casacabaneiro.com
Aloxamento	HOTEL VALDOVIÑO EXPRESS	Lugar o barreiro lago	VALDOVIÑO	629888008	www.hotelvaldovino.com
Aloxamento	CASA A PASADA	Lugar de A Pasada 15. San Román	CEDEIRA	981483623	www.apasada.com
Aloxamento	HOSPEDERIA CASA CORDOBELAS	Lug.cordobelas 029	CEDEIRA	981480607 679059776	info@cordobelas.es
Bar ou restaurante	CERVECERÍA-TAPERÍA "EL GITANO"	Cr. De la Playa. Nº52	VALDOVIÑO	686468995	
Bar ou restaurante	AQUALON BAR	Ariño s/n Pantin	VALDOVIÑO	609669801	
Tenda de surf	BEN WEI SPAIN&PORTUGAL	Puerta de Neira, 104	FERROL	622594747	
Tenda de surf	SPOT SURF 180	C/ dolores, 51	FERROL	981354364	www.facebook.com/spot.surf.7

2.2 CENSO DE INFRAESTRUTURAS

De igual xeito que no punto anterior, defínense cales son as infraestruturas necesarias para o uso do turista do segmento de surf. Tense feito un traballo de campo nas 12 praias do destino para coñecer a súa implantación.

No produto Costa das Ondas inclúense as seguintes 12 praias de gran valor para a práctica do surf.

CONCELLO	PRAIA	CONCELLO	PRAIA
1 Ferrol	A FRAGATA	7 Ferrol	SANTA COMBA
2 Ferrol	COVAS - O VILAR	8 O Barqueiro	ESTEIRO
3 Ferrol	DONIÑOS	9 Valdoviño	A FROUXEIRA
4 Ferrol	ESMELLE	10 Valdoviño	CAMPELO
5 Ferrol	PONZOS	11 Valdoviño	PANTÍN
6 Ferrol	SAN XURXO	12 Valdoviño	VILARRUBE

Forman parte das infraestruturas aqueles servizos públicos empregados con regularidade polos practicantes de surf e que son necesarios para realizar unha práctica deportiva de calidade. Entre eles están as duchas e vestiarios das praias, ou os aparcadoiros próximos ás praias.

2.3 PROPOSTA DE PLANIFICACIÓN DE INVERTEMENTOS

Para esta planificación tívose en conta o estado actual de dotación de equipamento e infraestrutura, a estimación de custo dos elementos necesarios, e tamén ás posibles convocatorias de subvencións relacionadas co sector turístico ás que a Mancomunidade pode concorrer.

a. Melloras comúns a todas as praias

Feito un estudo de campo nas praias do destino, e consultados así mesmo todos os servizos específicos e complementarios que forman parte da marca Costa das Ondas, propóñense as seguintes actuacións de mellora sobre as infraestruturas anexas ás praias:

i. **Sinalización identificativa homoxénea de todas as praias do destino**

Para dotar aos recursos específicos (praias) e a todo o destino, dunha sinalización harmónica e homoxénea é necesario que os puntos de acceso ás praias contén cun sinal identificativo do destino con referencia á marca de surf “Costa das Ondas”, que é a empregada pola Mancomunidade como marca de promoción deste territorio como destino de surf.

ii. **Instalación de paneis informativos dos diferentes usos das praias**

Segundo coa proposta do punto anterior nalgunhas praias, debido ao número de usuarios bañistas e usuarios surfistas que ademais comparten espazo na auga, pode ser necesario a instalación de paneis informativos dos diferentes usos a realizar nos diferentes espazos que se podan definir. Ao contrario que no caso anterior, pode non ser necesario facer isto en todas as praias.

iii. **Sinalización das zonas de praia que necesitan dunha maior protección**

As dunas son elementos naturais de requiren dunha especial protección e tamén dunha necesaria concienciación entre a poboación local e os turistas para a súa conservación. Por este motivo é necesario definir de forma conxunta cos distintos concellos, coa demarcación de costas do Estado na provincia de A Coruña e coa Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, qué zonas das praias poden ter unha atención singular para evitar o seu indebido uso.

iv. Adquisición dunha senda portátil para area seca para o acceso de persoas con mobilidade reducida.

Este equipamento quedaría a disposición daquelas escolas de surf que tivesen cursos con persoas con mobilidade reducida. Este tipo de cursos non son frecuentes entre as escolas de surf locais pero, no caso de que varias escolas tivesen entre o seu público obxectivo futuro á poboación con algunha discapacidade, podería resultar convinte analizar polo miúdo a necesidade desta medida.

v. Desfibriladores nas casetas de salvamento e socorrismo

A presenza de desfibriladores semiautomáticos non é obrigatoria nos servizos de vixilancia e socorrismo que están operativos durante dous meses nas praias do destino. Aínda así, como ben se sabe, este equipamento é fundamental para poder salvar a vida das persoas ante unha parada cardíaca. É necesario facer un censo de casetas de salvamento así como coñecer cales delas contan a día de hoxe con este equipamento.

vi. Instalacións de duchas de auga quente mediante paneis solares

Esta medida é reclamada principalmente polos surfistas locais para o seu uso durante o inverno. Non coñecemos un modelo a seguir que se teña implantado noutro destino, pero certo é que a auga do mar en Galicia ten unha temperatura inferior á de outros destinos, e non é un tema menor para o goce deste deporte en inverno. Será necesario avanzar na procura de diferentes provedores que poidan facilitar un orzamento do custe desta actuación, e tamén no contacto coas diferentes administracións con competencias nos terreos próximos ás praias.

vii. Zonas cubertas para protexer da choiva aos free surfers

Esta medida, ao igual que a anterior, é unha reclamación particular dos surfistas locais deste territorio. Non é una medida sinxela de aplicar polas competencias das diferentes administracións nos terreos próximos ou de acceso ao mar. De considerarse oportuna, será necesario estudar en detalle tanto o seu posible custe como a conveniencia da súa realización.

viii. Servizo de baños públicos nas praias durante todo

Fora da tempada de verán os baños públicos das praias están pechados ou, nalgún caso, abertos pero cun mantemento deficiente. Pode ser necesaria a prestación este servizo durante todo o ano, alomenos naquelas praias máis concorridas.

ix. Servizo de wifi libre nas zonas de acceso ás praias

As praias deste destino turístico están en diferentes parroquias do medio rural. Por este motivo a cobertura de acceso de datos para internet non é, moitas veces, axeitada. Así faise necesario que, seguindo o modelo de moitas prazas públicas de oitos pobos, haxa servizo de wifi libre nas zonas de acceso ás praias.

b. [Melloras específicas de cada praia](#)

Ademais das melloras en servizos descritas no punto anterior con carácter xeral para todas as praias, de seguido reflíctense algunha melloras que entendemos relevantes para as tres praias máis concorridas do destino.

i. Melloras específicas do areal de Doniños:

- Regulación estacionamento autocaravanas
- Ampliación datas servizo socorrismo
- Actualización da caseta de socorrismo

ii. Melloras específicas do areal de Pantín

- Regulación estacionamento autocaravanas
- Ampliación datas servizo socorrismo
- Mellora pista de enlace parte norte (Ariño) e sur (Marnela) da praia

iii. Melloras específicas do areal de Frouxeira

- Ampliación datas servizo socorrismo
- Construción dun Centro deportivo de surf

Esta praia é a que na actualidade ofrece mais servizos de todas as praias que forman parte do proxecto Costa das Ondas. Ademais probablemente é a que está tendo un maior crecemento no número de turistas de surf. Este centro deportivo de surf pode ser o elemento común de realización de diferentes programas de promoción deste destino. E nel poden realizarse diferentes actividades de dinamización do destino como actividades deportivas, medioambientais ou culturais relacionadas co surf. Pode ser, en definitiva, o centro motor deste produto turístico de surf.

c. Convocatorias de axudas

Respecto das posible convocatorias de axudas, dicir que se revisaron as liñas de axudas convocadas no ano 2016 pola Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña. A continuación reflíctense aquelas convocatorias de axudas feitas nos anos 2015 e 2016 e que se prevé sexan novamente convocadas no ano 2017.

RESPECTO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Convocatoria 1

Convocatoria do programa de subvencións dirixido aos concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para investimentos de Promoción Económica durante o ano 2016

Obxectos subvencionables:

- Acondicionamento de camiños.
- Alumeado público.
- Creación, acondicionamento e mellora de parques infantís.
- Adquisición de mobiliario ou equipamento informático para dependencias municipais.
- Creación páxinas web, aplicación móbiles, dixitalización de arquivos municipais.
- Reformas de locais municipais.
- Obras de ampliación, conservación ou mellora de polígonos industriais.
- Fomento de programas conxuntos entre municipios para a recuperación de núcleos rurais degradados e rehabilitación de construcións de valor histórico local ou símbolos de identidade da poboación local, para convertelos en edificacións de uso público (bibliotecas, garderías, centros sociais etc.).

Importe da subvención: máximo 65.000 € entre as dúas convocatorias (esta e a seguinte), cun máximo de 50.000 € individualmente.

Porcentaxe subvencionable do orzamento de gastos financiáveis: Ata o 100 %.

Convocatoria 2

Convocatoria do programa de subvencións dirixido aos concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para actividades de Promoción Económica

Obxectos subvencionables:

- Accións tendentes a impulsar o desenvolvemento económico, o fomento do emprego e o apoio ao comercio, como poden ser:

- Apoio ás liñas de comercialización e promoción dos nosos produtos de calidade que permitan a penetración no mercado mediante axudas á loxística e á distribución.
- Realización de congresos, xornadas, exposicións e seminarios relacionados coa promoción económica da provincia.
- Feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona.
- Cursos de formación dirixidos á muller e á mocidade para a busca de emprego.
- Mantemento páxinas web.
- Actividades derivadas de proxectos que teñan como obxectivo a recuperación demográfica de núcleos rurais (aproveitamento das novas formas de explotación sostible dos recursos naturais e forestais para a creación de emprego a nivel local, elaboración do catálogo de oficios e prácticas artesanais das zonas e organización de obradoiros de transmisión destes oficios polos artesáns e artesás locais á mocidade rural como fonte de emprego, sensibilización da poboación local nos procesos de integración que se leven a cabo e seguimento da acollida de nova poboación emprendedora).

Importe da subvención: máximo 65.000 € entre as dúas convocatorias (esta e a anterior), cun máximo de 50.000 € individualmente.

Porcentaxe subvencionable do orzamento de gastos financiáveis: Ata o 100 %

Convocatoria 3

Convocatoria do programa de subvencións dirixido aos concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para investimentos en promoción turística

Obxecto subvencionable:

- Execución de obras ou equipamento relacionado coa promoción turística.
- Equipamento de oficinas turismo ou puntos de información turística.
- Acondicionamento e mellora de albergues turísticos municipais.
- Sinalización turística.
- Adecuación das instalacións turísticas á normativa vixente en materia de accesibilidade.
- Creación e acondicionamento de rutas turísticas.
- Creación ou mellora de páxinas web ou aplicacións para a promoción turística do concello.

Importe da subvención: máximo 50.000 €

Porcentaxe subvencionable do orzamento de gastos financiáveis: ata o 100 %

Convocatoria 4

Convocatoria do programa de subvencións para infraestrutura e equipamento deportivo

Obxectos subvencionables: realización de reformas, ampliación e mellora de inmobles, equipamentos e moblaxe.

Importe da subvención: Máximo de 50.000 €

Importe da solicitude: Ata o 100% do orzamento de gastos subvencionable

RESPECTO DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA (XUNTA DE GALICIA):

Convocatoria 5

Subvencións a concellos para o apoio aos investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequena escala, mediante o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural.

Dicir que esta subvención está dirixida unicamente a Concellos, non a todas as entidades locais como no caso das da deputación, pero propoñémola igualmente para a que xerencia da Mancomunidade valore a conveniencia de propoñer aos concellos que pola súa conta desenvolvan algunha actuación de interese xeral da Mancomunidade.

Poden ser obxecto de axuda as seguintes actuacións:

Actuacións de accesibilidade

- Construción, ampliación ou mellora de aparcamentos
- Construción de pasarelas, ramplas e eliminación de barreiras arquitectónicas que melloren o acceso ao recurso e os seus itinerarios de visita
- Construción ou adecuación de aseos adaptados para persoas con diversidade funcional

Actuacións de sinalización

- Miradoiros
- Praias marítimas e fluviaís

- Bens de interese cultural (BIC)
- Sendeiros galegos homologados pola Federación Galega de Montañismo
- Rutas en centros BTT de Galicia pertencentes á Rede da Xunta de Galicia

Ademais, poderán ser obxecto de axuda as seguintes actuacións:

- Nova sinalización en estradas, sempre que contén coas autorizacións dos organismos competentes
- Paneis interpretativos, tanto tradicionais, como aqueles que incorporen novas tecnoloxías
- Ferramentas tecnolóxicas que sirvan para os fins previstos nestas bases (aplicacións para teléfonos intelixentes, códigos QR, tecnoloxía NFC, audioguías...)
- Instalación de postes e outros elementos consonte os criterios de homologación de sendeiros e os específicos dos centros BTT de Galicia

d. Proposta de planificación de investimentos

Vistas as diferentes actuacións que se poden desenvolver, tanto as comúns a todas as praias como as específicas que se propoñen, entendemos que a actuación que xera maiores beneficios nesta fase inicial de creación e promoción do produto turístico Costa das Ondas é a sinalización identificativa homoxénea de todas as praias do destino.

Esta sinalización homoxénea favorece a cohesión territorial entre os concellos da Mancomunidade, posto que praias de diferentes concellos terán a mesma sinalización. Por outra parte, a posta en valor dos recursos naturais reforza o carácter diferenciador deste destino ao tempo que mellora o coñecemento do medio natural por parte de turistas e poboacións locais. Es este maior coñecemento conleva posteriormente unha maior conciencia de conservación dos recursos naturais.

Propónse que esta sinalización se faga seguindo o modelo empregado polo Concello de Valdoviño na praia de Pantín (polo tanto esta praia xa non é necesario sinalizar de novo). Esta sinalización, feita neste ano 2016, financiouse grazas a unha subvención concedida pola Deputación da Coruña. Instaláronse dúas sinais con forma de prancha de surf nos dous puntos de acceso máis frecuentes da praia

Esta é unha das dúas pranchas instaladas en Pantín. Ten unha altura de 240 cm.



Estimase que para instalar unha prancha en cada zona de acceso frecuente a cada unha das 12 praias, é necesario contar con 15 pranchas. O deseño e produción ten un custe aproximado de 11.000 € máis ive, o que suma 12.310 €. A colocación das pranchas serían por conta dos técnicos e operarios de cada concello. As doce praias do destino pertencen aos seguintes concellos:

- Ferrol: 7 praias, estímase 10 sinais
- Valdoviño: 4 praias, estímase 5 sinais
- O Barqueiro: 1 praia, estímase 1 sinal

Proponse que sexa a Deputación da Coruña ou a Axencia de Turismo de Galicia (Xunta de Galicia) quen, mediante un convenio de colaboración asinado coa Mancomunidade, asume este custe. Tamén é posible que a Mancomunidade concorra a algunha convocatoria de axudas da Deputación, ou que sexan directamente os concellos os que obteñan financiación concorrendo ás convocatorias de axudas da Deputación da Coruña ou da Xunta de Galicia.

Entendemos que as demais accións comúns requiren de mais tempo para a súa execución. Sexa para o seu estudio e realización de proposta definitiva, como tamén para chegar a acordos cos grupos de interese.

Por este motivo proponse que no ano 2017 se inicien as xestións para poder executar no ano 2018 algunha das accións propostas, alomenos a instalación de paneis informativos dos diferentes usos das praias e a sinalización das zonas de praia que

necesitan dunha maior protección. Entendemos que ambas actuacións deberan acometerse no ano 2018 despois de facer un estudo en detalle durante o ano 2017.

As restantes seis accións propostas poderán executarse no medio prazo, logo do acordo dos diferentes concellos.

Respecto das accións específicas de cada praia dicir que é necesario trasladar esta proposta aos diferentes concellos para, logo de coñecer a súa valoración así como os investimentos que teñan programados, establecer un plan de investimento común orientado ao turismo de surf.

3. CONCLUSIONES

O produto turístico Costa das Ondas pode ser o elemento mais diferenciador do destino Ferrolterra Rías Altas. Existe un turismo mundial de surf cun nivel adquisitivo medio-alto e que contribúe á consecución dos dous retos principais do Plan integral do turismo de Galicia: a desestacionalización e o aumento dos días de estancia media dos turistas. Existe un importante turismo de surf mais aló dos meses de verán, e ademais a estancia media destes turistas é de 7 días, fronte aos 2,3 días de estancia media dos turistas que veñen a Galicia.

Ferrolterra presenta características únicas, por calidade, variedade e frecuencia de marexadas, para converterse no mellor destino de turismo de surf de España, e estar nos destinos Top3 de Europa. Ademais existe un sector privado experto e adecuadamente formado.

Ao marxe da mellora que se produza nos servizos de ensinanza e nos servizos surf friendly, para que o surf se converta nunha sinal de identidade da comarca, é necesario realizar investimentos que busquen que a cultura de surf sexa visible para os turistas. Por este motivo, este estudo propón a realización de diferentes investimentos en sinalización e equipamento que, feitos de forma consensuada cos concellos, permitan proxectar unha imaxe de marca de territorio único.

Esta proposta de investimento da prioridade, pola facilidade de implantación e polo impacto que ten na promoción do produto Costa das Ondas, ás actuacións de sinalización homoxénea dos recursos turísticos específicos (as praias). Así xa se propón para o ano 2017 a sinalización das praias do destino con cargo a un convenio ou subvención coa Deputación da Coruña ou coa Axencia de turismo de Galicia.



A Loira, 8
15553 VALDOVIÑO
616 89 25 72
ceo@goodlifeconsultores.es
www.goodlifeconsultores.es